



CONVENIO CANALIZADOR DAS SUBVENCIÓNS OUTORGADAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E POLO CONCELLO DE LUGO Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “LUGO CULTURAL” NA ANUALIDADE 2020

En Lugo, a de de 2020

INTERVEÑEN

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con CIF P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos, núm. 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local e, no seu nome, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística en virtude de Resolución de data 15 de outubro de 2019.

Doutra, Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, 4ª Tenenta de Alcaldesa e titular da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, que actúa segundo as atribucións que lle confire o decreto da Alcaldía número 19005684 do 01/07/2018 modificado polo decreto 19005695 de 3 /07/2019 e a lei 27/2013, reguladora de bases de réxime local no seu artigo 124.4ª, en representación do Excmo. Concello de Lugo, con sede social na Praza Maior número 1 de Lugo.

E doutra, D. Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela segundo nomeamento efectuado polo Decreto 57/2018, de 31 de maio (DOG de 5 de xuño), actúa en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela, en adiante beneficiario, con CIF Q1518001A e sede social no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 de Santiago de Compostela, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado ao tal efecto, en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Actúa dona María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

As tres partes:

MANIFESTAN

Primeiro: Que no orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020 e no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 (concretamente no Anexo I -correspondente á anualidade de 2020-, dentro da Liña 14.1a) da Área funcional de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística), aprobado por resolución de Presidencia de data 2 de abril de 2020, recóllese unha subvención directa de carácter nominativa a favor do beneficiario Universidade de Santiago de Compostela (USC), por importe de 20.000,00€, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Lugo Cultural”.

Así mesmo, recóllese unha subvención no Orzamento vixente e no Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 (actualización anualidade 2020) do Excmo. Concello de Lugo, aprobado por Decreto da Alcaldesa núm. 2137/2020, de data 8 de abril de 2020 e ratificado polo Pleno de data 16 de abril de 2020.

Páxina 1 de 11

	IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Fecha y Hora	24/11/2020 13:00:16	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LOPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y		Página 1/11	

Segundo: Que por resolución presidencial da Deputación de Lugo, de data de de 2020, por resolución do Concello de Lugo de datade.....aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa de carácter nominativa outorgada pola Deputación de Lugo, por importe de 20.000,00€, así como a subvención outorgada polo Concello de Lugo por importe de 20.000,00€ a favor do beneficiario, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Lugo Cultural”, na anualidade do 2020.

Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 3340.48900 da Deputación Provincial por importe de 20.000,00€ e, así mesmo, na aplicación orzamentaria 3300048900 do vixente presuposto municipal por importe de 20.000,00€ para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados da formalización do presente convenio.

Cuarto: O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS) e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.

Quinto: A Deputación Provincial e o Concello de Lugo, con independencia do título competencial sectorial específico, realizan esta actividade de fomento ao abeiro dos artigos 36 e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a subvención directa de carácter nominativa outorgada pola Deputación Provincial, así como a subvención do Concello de Lugo, á Universidade de Santiago de Compostela (USC) para financiar os gastos derivados da execución da actuación “Lugo Cultural”, na anualidade 2020.

Esta actuación consiste na colaboración das tres entidades asinantes na promoción e organización na cidade das actividades de índole musical, teatral, danza, fotografía, cine e letras que figuran no Anexo, cuxa programación e execución terá lugar a través do programa denominado Lugo Cultural.

A Deputación de Lugo e o Concello de Lugo contribuirán, cada unha delas, cunha aportación de vinte mil euros (20.000 euros), que entregarán á USC para esta finalidade. A USC organizará as actividades nas que se desenvolve o programa Lugo cultural para o que dispón dunha dotación orzamentaria de 20.000 euros que destinará á citada actividade.

Durante o período de vixencia do presente convenio, a USC comprométese a facilitar ás outras partes un número de publicacións, e no seu caso, de entradas e invitacións para as actividades obxecto do convenio, que será determinado pola comisión de seguimento.

A política cultural pola que se ten que guiar este convenio, o seguimento, interpretación e maila resolución amigable das discrepancias na súa execución, será levada a termo por unha comisión formada por un representante de cada unha das entidades do acordo.

Esta comisión estará formada, por parte da USC polo Adxunto á Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo para Estudantes, Internacionalización, Cultura e Servizos; por parte da Deputación Provincial de Lugo, por D^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón; e, por parte do Concello de Lugo, Tenenta de Alcaldesa, Concelleira Delegada da área de Cultura Turismo e Promoción da Lingua

Correspóndelle a esta comisión as seguintes funcións:

1. Proporlles ás entidades outorgantes a aprobación das actividades concretas obxecto da colaboración pactada no presente convenio e, no caso de que sexan aprobadas, facer o oportuno seguimento delas para conseguir o seu axeitado cumprimento. No caso de que sobreveña calquera modificación allea á vontade das entidades outorgantes

	IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Fecha y Hora	24/11/2020 13:00:16	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LOPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Página	2/11	

que afecte a algunha actividade xa aprobada, a comisión paritaria informará e fará a correspondente proposta ás devanditas entidades outorgantes, ás cales corresponderá a aprobación ou non aprobación da modificación.

2. Aprobar, ó remate do exercicio, a memoria de actividades que será presentada pola USC ás outras dúas entidades, na que se resuma a actividade levada a cabo, acompañada da documentación xustificativa (material divulgativo editado, resumo de prensa, documentación gráfica, número de asistentes), así como a memoria económica que a USC presentará ás outras entidades acompañada da documentación xustificativa (certificación de gastos executados efectivamente, vinculados directamente á financiación do programa de actividades que se desenvolva).

3.- Clarexar as dúbidas e controversias que xurdan na execución do presente convenio.

Calquera tema derivado da organización dos actos e do desenvolvemento do contido deste convenio, resolverase conxuntamente entre as tres partes que o subscriben.

Calquera manifestación pública derivada das actividades deste convenio realizarase coa presenza e protagonismo conxunto das partes.

Na publicidade que se encargue para anunciar os actos organizados figurarán os logotipos institucionais das partes, así como a lenda da súa colaboración.

A USC comprométese a xestionar e a difundir as actividades que organice e realice en cumprimento do presente convenio informando, en todos os casos, ás outras partes asinantes das accións que se leven a cabo neste ámbito e cumprindo as obrigas establecidas no artigo 11 da ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 60.000,00 €.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre o persoal contratado e a Deputación Provincial e o Concello de Lugo, polo que non se poderá esixir a estes organismos responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen ó seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación e do Concello de Lugo:

- Deberán subvencionar a actuación cunha cantidade de 20.000,00€ cada unha delas, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.
- O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.
- En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial e do Concello de Lugo.
- A ser convidadas a intervir en cantos actos públicos se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Do beneficiario:

- Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución, que serán por conta tamén do beneficiario.
- Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada, os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Lugo, para o que deberá solicitalos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial e do Municipal.

	IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Fecha y Hora	24/11/2020 13:00:16	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LOPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Página	3/11	

- Deberá comparecer, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial e polo Concello de Lugo.
- Autoriza á Deputación Provincial de Lugo e ao Concello de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que consideren axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.
- Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo ao establecido na cláusula sétima do convenio.
- Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.
- Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
- Achegar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites da LXS e do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións (no sucesivo RLXS).

O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención, e o importe sexa superior a 60.000,00 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo sexa autorizado previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento dos límites.

O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- 1) Que estean incursas nalguna das prohibicións establecidas na lei Xeral de Subvencións.
- 2) Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- 3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
- 4) Que estean vinculadas co beneficiario.
- 5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

	IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Fecha y Hora	24/11/2020 13:00:16	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LOPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Página	4/11	

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo e do Concello de Lugo.
- b) Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Lugo e nas bases do orzamento xeral vixentes nestas entidades.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario.

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e polo Concello de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas desta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 30 da mesma Lei, así como nos artigos 69 e 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, relativas á xustificación da subvencións públicas, nos artigos 19 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e do INLUDES e na Base 24ª de execución do Orzamento xeral vixente da Deputación Provincial, así como na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Lugo e nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Lugo vixentes.

O beneficiario deberá achegar, como prazo máximo, o día 31 de marzo de 2021, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación e co Concello a través de medios electrónicos -telematicamente-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen achegarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2020.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

	IV7GY2JPV644XNDDQNXAEBP6Y	Fecha y Hora	24/11/2020 13:00:16	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LOPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GY2JPV644XNDDQNXAEBP6Y	Página	5/11	

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionable.

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte do beneficiario, da seguinte documentación xustificativa:

- Solicitud debidamente cumprimentada.
- Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.
- Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:
 1. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan a cada entidade. Debe constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo e ao Concello de Lugo.
 2. Certificación expedida polo Secretario/a da USC acreditando:

O custo total da actividade subvencionada soportado pola USC, indicando os importes do financiamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).

Que a relación dos gastos da actividade subvencionada atópase executado, e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Que a acción ou comportamento obxecto da subvención, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.
- Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaecesen entre o orzamento estimado e o gasto efectivamente xustificado.
- Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.
- Declaración responsable na que se faga constar que, o beneficiario non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- Declaración responsable na que o beneficiario da subvención poña de manifesto que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Declaración responsable de que o beneficiario asumiu ou non, custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por ter ou non a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de

	IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y		Fecha y Hora	24/11/2020 13:00:16	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MERCEDES LAMELA LOPEZ				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y		Página	6/11	

que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da subvención concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado nos artigos 14, 18.4 e concordantes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

(En todas as declaracións, que deberán vir asinadas dixitalmente, deberá constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, as establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

	IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Fecha y Hora	24/11/2020 13:00:16	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LOPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Página	7/11	

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedente no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
OBXECTO	3	Cobertura de custos ou de déficit
TIPO DE SUBVENCIÓN	1	Subvencións non cualificables como axudas de Estado a empresa
SECTOR ECONÓMICO	R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento
FINALIDADE	11	Cultura
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevea modificación algunha desta situación
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega en diñeiro sen contraprestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>. Igualmente, pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Lugo na web desta entidade local.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o beneficiario poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 34 do RLXS.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.

O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do Convenio:

	IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y		Fecha y Hora	24/11/2020 13:00:16	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MERCEDES LAMELA LOPEZ				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y		Página	8/11	

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso, as partes asinantes poderán acordar a continuación e finalización das citadas actuacións, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.

Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio e modificación.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2020, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2022, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2021, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva.

Décimo quinta.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación. En particular, resulta aplicable o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Lugo, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial e do Concello de Lugo, e no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Lugo.

Décimo sexta.- Plan de auditoría.

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial e Xeral Municipal poden, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo sétima.- Cuestións litixiosas.

	IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Fecha y Hora	24/11/2020 13:00:16	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LOPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Página	9/11	

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, do que como Secretaria dou fe.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 15-10-2019
A VICEPRESIDENTA,

Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, 4ª Tenenta
de Alcaldesa e titular da Área de Cultura,
Turismo e Promoción da Lingua do Concello de
Lugo

Asdo.: Tareixa Antía Ferreiro Tallón

O REITOR,

Asdo.: Antonio López Díaz

A SECRETARIA XERAL,

Asdo.: María Esther Álvarez Martínez

	IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Fecha y Hora	24/11/2020 13:00:16	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LOPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Página	10/11	

ANEXO 1

AXENDA DE ACTIVIDADES DE LUGO CULTURAL 2020

- Músicas a carón da Mosqueira 2020/Na calzada /Noite na Domus
- Lubicán 2020- Lubican Intimo- Xoves de Moda
- 12 Sonscreativos
- XXVI Festival de Teatro Universitario
- V Fin de curta
- XVI Curso de Primavera
- 2º Certamen de Videocreación
- Compañía de Teatro do Campus de Lugo- Montaxe obra teatral Ubu Rei –
- XXIX Encontro de Danza Contemporánea
- XXVI Maratón Fotográfico do Campus

Todas estas actividades tiveron un reaxuste debido o COVID E PODEN TER REAXUSTES SEGUINDO A FINALIDADE DO CONVENIO POR MOR DA PANDEMIA

- Músicas a carón da Mosqueira 2020/Na calzada /Noite na Domus
 - Lubicán 2020- Lubican Intimo- Xoves de Moda
 - 12 Sonscreativos
 - XXVI Festival de Teatro Universitario coas actividades complementarias de formación : Taller de arte dramática de Carmen Conde , Taller aberto o 5 de novembro de Ernesto Is, Taller de monicreques de Marga Portomeñe e e outros con similar finalidade , Charla sobre Teatro universitario de Fernando Dacosta
 - V Fin de curta
 - XVI Curso de Primavera
 - 2º Certamen de Videocreación
 - Compañía de Teatro do Campus de Lugo- Dirección Formación -
 - XVIX Encontro de Danza contemporánea , so se presentará facturas pola publicidade do Encontro
 - XXVI Maratón Fotográfico do Campus
 - NABOCANOITE: Novo Ciclo que aúna os concertos aprazados de Lubicán e Noite na Domus en Xuño/xullo
- Buirbullas culturais (aúna concertos e actividades aprazadas de Músicas a carón da Mosqueira que non se puideron realizar no seu día máis novas actividades de impulso ao sector como o espazo a Mulleres Creativas, e encontros con artesáns , fotógrafos ...)

	IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Fecha y Hora	24/11/2020 13:00:16	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LOPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GY2PJPV644XNDDQNXAEBP6Y	Página	11/11	